



INSTRUCCIÓN Nº 9 DE 13 DE SETEMBRO DE 2018 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE ESTABECE O PROCEDIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DA LIMITACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DE AXUDAS *de minimis* CONCEDIDAS A UN BENEFICIARIO AO ABEIRO DAS EDLP DOS GALP.

O Programa Operativo (PO) para España do FEMP establece no apartado 5.1.4 que a autoridade de xestión (AX) delegará nos organismos intermedios (OIG) de xestión aquelas funcións establecidas no artigo 125 do Regulamento (UE)nº 1303/2013 que son necesarias para a xestión do Desenvolvemento Local Participativo. Así, entre as funcións que os OIX desempeñarán están as que respectan á xestión e control financeiros do P.O.

O artigo 13.1 da Orde do 24 de maio de 2016 establece no seu punto 1.d) en relación coa contía das axudas para investimentos produtivos que se abeiren no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas *de minimis* (DO L 352, do 24 de decembro), se limitarán a un máximo de 200.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais.

Por outra banda o artigo 10.2.d) da devandita orde establece como unha das obrigas dos beneficiarios o sometemento ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concédente ou o GALP, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Desde a publicación da orde de bases no DOG (núm. 9 de xuño de 2016) xa se resolveron solicitudes de axudas correspondentes a 3 convocatorias (2016, 2017 e 2018), polo que cómpre establecer mecanismos de comprobación do cumprimento das axudas *de minimis* para todos os proxectos produtivos subvencionados nas anualidades 2016, 2017 e 2018. Se ben, os mecanismos manteranse en sucesivas convocatorias.

Tendo en conta a Disposición derradeira primeira da Orde do 24 de maio de 2016, faculta á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde, o punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, que habilita á Consellería do Mar para ditar regras complementarias e instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

Dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN** en relación coa comprobación das axudas *de minimis* concedidas a proxectos ao abeiro das EDLP dos GALP:

Primeiro: Os GALP comprobarán o cumprimento do límite máximo de 200.000 euros durante un período de 3 exercicios fiscais polos beneficiarios de axudas *de minimis*. Porase especial atención no caso de “única empresa” (grupos de empresas) de conformidade coa definición da normativa comunitaria.

Para a comprobación do cumprimento das axudas *de minimis*, o GALP poderá empregar asistencia técnica puntual, ademais dos medios propios con que xa conta.





Á hora de proceder á revisión, pode distinguirse entre:

1. Promotores beneficiarios coa obriga de depositar as Contas Anuais no Rexistro Mercantil.

Neste suposto será imprescindible que o GALP as solicite ao citado rexistro como primeira fase do análise a realizar. O grupo deberá analizar a contabilidade e documentación tributaria do beneficiario da axuda.

Polo tanto, analizarse a seguinte documentación referida ao exercicio fiscal correspondente da concesión da axuda e os 2 exercicios anteriores:

- a) Contas Anuais depositadas no Rexistro Mercantil
- b) Documentación tributaria:
 - i. Libro rexistro de ingresos e bens de inversión, ou equivalente.
 - ii. Imposto de Sociedades.
 - iii. Imposto da Renda de Non Residentes, de ser o caso.

2. Resto de promotores beneficiarios non incluídos no apartado anterior

Neste suposto, analizarase:

- a) Contabilidade.
- b) Libros de rexistro esixidos pola normativa fiscal.
- c) Documentación tributaria:
 - i. IRPF
 - ii. Imposto da Renda Non Residentes, de ser o caso

Para os promotores beneficiarios contemplados en ambos apartados (1 e 2), no caso de “única empresa” a documentación a analizar entenderase a toda as empresas do grupo ou á documentación consolidada.

Ademais, para todos os beneficiarios, o GALP realizará a consulta e comprobación na Base Nacional de Datos de Subvencións

Segundo: Realizadas todas a constatacións necesarias, o GALP emitirá un informe antes do 31 de decembro de cada ano no que indique:

- a) Relación de beneficiarios con identificación de NIF
- b) Expedientes que foron obxecto de revisión
- c) Relación de todas as axudas das que a entidade ou persoa foi beneficiaria nos 3 exercicios fiscais obxecto de estudio, con indicación de importe, data de concesión e de si teñen ou non a condición de axudas de Estado.
- d) Resultado da comprobación (superación ou non do límite mencionado) e sistema empregado para a comprobación (acompañando documentación acreditativa).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo e
de Pesca (FEMP)

Tamén deberá achegarse unha táboa de cálculo (Excel ou similar) que se incluírá na carpeta compartida do GALP en Q:\e que se enviará tamén ao correo electrónico do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca.

Terceiro: No caso de que se detecte a superación do límite de 200.000€ concedidos a unha única empresa (considerándose como tal os grupos de empresas) no período de 3 exercicios fiscais, o GALP propondrá de forma inmediata o inicio dun procedemento de reintegro polo importe que corresponda.

Santiago, a 13 de setembro de 2018

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

